



# CONCELLO DE CAMARIÑAS

## A CORUÑA

### **ACTA DE ANÁLISE/ESTUDO/EXAME DE OFERTAS CON VALORES ANORMAIS OU DESPROPORCIONADOS E ADOPCIÓN DOS ACORDOS QUE PROCEDAN NO PROCEDIMENTO ABERTO (CUN ÚNICO CRITERIO DE VALORACION: FACTOR PREZO) PARA CONTRATACIÓN DAS OBRAS AS QUE SE REFIRE O PROXECTO DENOMINADO “ADECUACIÓN DE PISTA POLIDEPORTIVA. PABELLÓN MUNICIPAL DE CAMARIÑAS”, INCLUIDA NO PAI 2016.**

Na Casa do Concello de Camariñas, ás 13:15 horas do día 23 de agosto de 2017, constitúese a Mesa de Contratación, cuxa composición se deriva do acordo adoptado pola Xunta Goberno Local, órgano de contratación, en sesión de data 24 de febreiro de 2017, estando presentes os seguintes membros:

#### **Presidente:**

D. Manuel Valeriano Alonso de León, Alcalde.

#### **Vogais:**

D<sup>a</sup> Sandra Insua Rial, Concelleira.

D. Juan Carlos Canosa Marcote, Concelleiro

D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Loreto López Fernández, Secretaria da Corporación.

D<sup>a</sup> Alicia Queiro Pérez, Interventora accidental da Corporación.

#### **Secretario:**

D. Victorino Nión Carril, funcionario administrativa adscrito a Secretaría.

Estando, pois, reunidos todos os membros do órgano, deciden por unanimidade constituírse, de conformidade co art. 17.2 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

É obxecto da reunión, acto non público, o análise/estudo/exame da documentación xustificativa das ofertas incursas en valores anormais ou desproporcionados presentadas polos licitadores GALITEC DESARROLLOS TECNOLÓGICOS, S.L.; AQUABLUE SISTEMAS CONSTRUCTIVOS, S.L.; e CONSTRUCCIONES D. OGANDO, S.L. no procedemento aberto (cun único criterio de valoración: factor prezo), das obras ás que se refire o proxecto denominado “ADECUACIÓN DE PISTA POLIDEPORTIVA. PAVILLÓN MUNICIPAL DE CAMARIÑAS”, incluída no Plan de aforro e investimento (PAI) 2016 da Excma. Deputación Provincial, dar conta dos informes técnicos emitidos polo Arquitecto D. Victor Manuel Hermo Sánchez en relación a dita documentación xustificativa e adoptar á vista dos mesmos os acordos que procedan.

Dada a presenza do Presidente como do secretario así como dos vogais, considéranse cumpridos os requisitos para a válida constitución e actuación da Mesa de Contratación, polo que se procede:

#### **1º.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.**

Dáse lectura á acta da sesión anterior sen que se realice ningunha observación polos asistentes polo que esta se autoriza coa sinatura do secretario da Mesa e o visto e prace da presidencia.

#### **2º.- ANÁLISE/ESTUDO/EXAME DA DOCUMENTACIÓN XUSTIFICATIVA DAS OFERTAS INICIALMENTE ANORMAIS OU DESPROPORCIONADAS PRESENTADAS POLOS LICITADORES GALITEC DESARROLLOS TECNOLÓGICOS, S.L.; AQUABLUE SISTEMAS CONSTRUCTIVOS, S.L.; E CONSTRUCCIONES D. OGANDO, S.L., DACIÓN DE CONTA DOS INFORMES TÉCNICOS EMITIDOS AO RESPECTO E ADOPCIÓN DOS CORRESPONDENTES ACORDOS.**

Na reunión da Mesa de Contratación de data 28 de xullo de 2017, acordouse comunicar aos licitadores GALITEC DESARROLLOS TECNOLÓGICOS, S.L.; AQUABLUE SISTEMAS CONSTRUCTIVOS, S.L.; e CONSTRUCCIONES D. OGANDO, S.L. que as súas ofertas económicas eran, en principio, desproporcionadas ou anormais, concedéndolles un prazo de cinco días para que xustificasen as ditas ofertas, acompañando a documentación á que se refire o apartado 15.4.3 do prego de cláusulas que regula a contratación.



## CONCELLO DE CAMARIÑAS A CORUÑA

Con data 04/08/2017 (RXE núm. 201799900000070) e 10/08/2017 (RXE núm. 4002 e 4003) respectivamente, as empresas GALITEC DESARROLLOS TECNOLÓGICOS, S.L.; CONSTRUCCIONES D. OGANDO, S.L. e AQUABLUE SISTEMAS CONSTRUCTIVOS, S.L., presentan documentación ao efecto de xustificar as ofertas económicas presentadas.

De conformidade co establecido no prego e na normativa de contratación administrativa foi solicitado e emitidos, en data 18/08/2017, informes técnicos ao respecto polo arquitecto D. Víctor Manuel Hermo Sánchez.

Na reunión da Mesa de Contratación de data 22 de agosto de 2017, acordouse:

.../

*Así respecto do informe emitido en relación a empresa CONSTRUCCIONES D. OGANDO, S.L. a mesa de contratación observa/entende que na documentación presentada pola empresa si constan, en contra do que informa o técnico na páxina 5, os capítulos C02 e C04, deducindo que dito erro se deriva de que non ten sido facilitado ao informante a documentación completa presentada polo licitador. Polo que a mesa de contratación acorda por unanimidade dos membros presentes:*

**Único:** *Solicitar, polos motivos anteriormente expostos, novo informe ao arquitecto D. Víctor Manuel Hermo Sánchez e deixar pendente a adopción dos correspondentes acordos sobre a aceptación ou rexeitamento das tres ofertas ata que sexa emitido este novo informe.*

.../

En data 22/08/2017 foi emitido polo arquitecto D. Víctor Manuel Hermo Sánchez o informe solicitado.

Visto, pois, os informes técnicos e examinada a documentación presentada polas empresas así como a restante documentación/actuacións que obran no expediente, a Mesa de Contratación por unanimidade, acorda:

**Primeiro.-** Aceptar de plano os informes técnicos emitidos polo arquitecto D. Víctor Manuel Hermo Sánchez, segundo os cales as ofertas presentadas polas empresas GALITEC DESARROLLOS TECNOLÓGICOS, S.L. e CONSTRUCCIONES D. OGANDO, S.L. están convenientemente xustificadas, propoñendo ao Órgano de Contratación a aceptación das ofertas presentadas e que, en consecuencia, estas empresas continúen no procedemento/licitación.

**Segundo.-** Aceptar de plano o informe técnico emitido polo arquitecto D. Víctor Manuel Hermo Sánchez, segundo o cal a oferta presentada pola empresa AQUABLUE SISTEMAS CONSTRUCTIVOS, S.L. non está convenientemente xustificada, propoñendo ao Órgano de Contratación o rexeitamento da oferta presentada e que, en consecuencia, esta empresa quede excluída do procedemento/licitación.

### **3º.- CLASIFICACIÓN DEFINITIVA DE OFERTAS ECONÓMICAS E PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN.**

Á vista das ofertas económicas presentadas polos licitadores admitidos que continúan/deben continuar no procedemento, a Mesa de Contratación, por unanimidade acorda:

**Primeiro.-** Clasificar as proposicións presentadas polos licitadores admitidos que continúan/deben continuar no procedemento na seguinte orde:

LICITADOR	PREZO OFRECIDO (SEN IVE)
GALITEC DESARROLLOS TECNOLÓGICOS, S.L.	56.832,00
CONSTRUCCIONES D. OGANDO, S.L.	57.927,92
MECANO OBRAS Y REFORMAS, S.L.	59.444,75
SERGONSA SERVICIOS, S.L.	59.954,00
COVISAM NORTE, S.L.	59.980,00
CETA CONTRATAS, S.L.	60.776,84



# CONCELLO DE CAMARIÑAS

## A CORUÑA

OBRAS Y VIALES CERNE, S.L.	60.880,00
PROSEMA NOROESTE, S.L.	60.885,00
GROMA OBRAS, S.L.	61.093,23
EXCAVACIONES Y OBRAS MELCHOR, S.L.	61.209,77
INNOVA PROFESIONAL DESARROLLOS, S.L.	61.746,00
SYR-AMG, S.L.U.	61.942,35
JARDINERÍA ARCE, S.L.	62.025,68
MANUEL BARCIA GARCÍA	62.100,00
TERRAUGA PROYECTOS Y OBRAS, S.L.	62.300,42
DECORACIONES J. BELLO, S.L.	62.441,96
OBRAS Y SANEAMIENTOS GALICIA, S.L.	64.631,59
CONSTRUCTORA E INGENIERÍA MESSI, S.L.	65.772,20
SPORT EQUIPALIA, S.L.	65.839,23
MECANO SPORT, S.L.	67.936,86
ASPROESGA, S.L.	68.920,00
DESMACO, S.L.	69.460,44
AGORASPORT, S.A.	69.793,39
EXCAVACIONES AFREIJO, S.L.	70.517,79
ABACO CR, S.L.	70.767,56
INSTALACIONES DEPORTIVAS GALLEGAS, S.L.	71.545,00
PAVIMENTOS NOIA, OBRAS E CONTRATAS, S.L.	73.265,23
SOLCONOR, S.L.	74.097,19
OZIONA SOLUCIONES DE ENTRETENIMIENTO, S.L.	75.160,76
SERVICIOS INTEGRALES DE GESTIÓN Y MANTENIM., S.A.	76.959,28
GR CONSTRUCCIONES OBRAS Y SERVICIOS, S.L.U.	82.423,29
SIMER OBRAS Y SERVICIOS, S.L.U.	83.255,95

**Segundo.-** Proponer ao órgano de contratación, a adxudicación do contrato das obras de **“ADECUACIÓN DE PISTA POLIDEPORTIVA. PAVILLÓN MUNICIPAL DE CAMARIÑAS”, INCLUIDA NO PAI 2016**, a favor da empresa **GALITEC DESARROLLOS TECNOLÓGICOS, S.L.**, con CIF: B36495604, no prezo total de **68.766,72 € (56.832,00 € + 11.934,72 € de 21 % de IVE)**.

Seguidamente redáctase á acta da sesión dándose lectura a mesma ante os membros da Mesa de Contratación sen que se realice ningunha observación polos asistentes polo que se autoriza coa sinatura da secretaría do órgano e o visto e prace da presidencia.

Non sendo outro o obxecto da reunión e non habendo máis asuntos que tratar, o presidente levanta a sesión, sendo as 13:45 horas do día da data, do que como secretario dou fe co visto e prace da Presidencia.

Vº e Prace  
O PRESIDENTE,

D. Manuel Valeriano Alonso de León

O SECRETARIO,

D. Victorino Nión Carril